XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS DE GALICIA

Solicitante: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Secretaría Xeral Técnica

Expediente: 2019/066

FEITOS

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda solicítalle a esta Secretaría Xeral que emita informe de impacto de xénero relativo ao anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 PERTINENCIA DO INFORME

Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015), "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Do citado precepto despréndese a obrigatoriedade de valorar con carácter previo ao debate parlamentario calquera iniciativa lexislativa para determinar se a súa posta en práctica afectará de forma diferente a mulleres e homes, co fin de adaptalas para neutralizar os posibles efectos discriminatorios e fomentar a igualdade, integrando deste xeito o principio de transversalidade.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

O anteproxecto de lei sobre o que se emite este informe ten por obxecto lexislar a produción e xestión de residuos, potenciando medidas que preveñan a súa produción e diminúan os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio, vinculados á súa xeración e xestión, á vez que se fomenta o uso sustentable dos recursos e a transición cara unha economía circular no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, fundando o texto nos principios inspiradores da economía circular e a loita contra o cambio climático.

Neste eido é preciso ter en conta que homes e mulleres contan con diferentes hábitos respecto ao consumo e ao tratamento de residuos, e non teñen a mesma relación co medio ambiente, pois esta ven condicionada polos roles sociais e os estereotipos de xénero. Diversos estudos a nivel internacional converxen na idea de que as mulleres contaminan menos que os homes, e as súas actividades teñen un menor impacto sobre o deterioro do medio ambiente e do clima, de xeito que a "pegada ecolóxica" das mulleres é menor que a dos homes.

Tendo en conta que o cambio climático non é neutro desde o punto de vista do xénero e ten efectos distintos para homes e mulleres; de que as mulleres seguen asumindo máis responsabilidades no que respecta a as decisións cotiás de consumo, ao coidado dos fillos e ás tarefas do fogar; e atendendo á idea de que debido á existencia de roles de xénero, o impacto das mulleres sobre o medio ambiente non é o mesmo que o dos homes, e dado o contido deste proxecto normativo, enténdese que procede analizar neste informe os seguintes aspectos: a incorporación da perspectiva de xénero, a presenza equilibrada de mulleres e homes nas estruturas orgánicas para a toma de decisións, a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística e a utilización dunha linguaxe normativa non sexista.

2 INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

I A necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas queda xa patente no Tratado da Comunidade Europea, que recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3), e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero: "A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)".

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

No ámbito estatal a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15) así como, no caso galego, o citado Decreto lexislativo 2/2015, reiteran o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

A aplicación do principio de transversalidade esixe que en toda a normativa sexa considerado o principio de igualdade e, se procede, en función da materia regulada, facelo explícito. Por integración da perspectiva de xénero enténdese "a consideración sistemática das diferentes situacións, condicións, aspiracións e necesidades de mulleres e homes, incorporando obxectivos e actuacións especificas dirixidas a eliminar as desigualdades e promover a igualdade en todas as políticas e accións, a todos os niveis e en todos as súas fases de planificación, execución e avaliación".

O tipo de norma sobre a que se emite este informe, cuns obxectivos específicos e de carácter eminentemente técnico, implica que a perspectiva de xénero non teña unha manifestación explícita na meirande parte do texto, nin que exista actualmente colisión coa normativa vixente en materia de igualdade.

II Non obstante o anterior, si que é preciso ter en conta a relación existente entre o contido deste anteproxecto de lei e a loita contra o cambio climático. Tal e como se indicou, a propia exposición de motivos do texto sinala que "a nosa Comunidade Autónoma desexa unha activa participación neste proceso incorporando á presente lei, como principios inspiradores, a economía circular e a loita contra o cambio climático". Así mesmo, dentro do seu articulado, tamén no artigo 10.2 indica expresamente que "As medidas que se adopten en materia de residuos serán coherentes coas estratexias de loita contra o cambio climático".

No ámbito da loita contra o cambio climático, a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustantable fixa como obxectivo número quinto, dentro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS): "Acadar a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e nenas".

O Estudo para a implantación da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustantable na Xunta de Galicia, elaborado pola UCM, valora a conexión existente entre os ODS relativos aos logros sociais, igualdade e inclusión social, cos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Ademais, ese

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

mesmo documento sinala que "a Xunta dispón do VII Plan estratéxico para a igualdade de oportunidades entre mulleres e hombes 2017-2020, que establece prioridades de actuación, obxectivos estratéxicos e específicos nos ámbitos de traballo relacionados coas metas sinaladas do ODS 5".

Así pois, o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes pon de manifesto que o reforzo do enfoque de xénero estenderase ademais ao ámbito das políticas ambientais e de desenvolvemento sustentable, xa que as políticas de medio ambiente teñen un impacto directo sobre a saúde e a situación socioeconómica das persoas, e a desigualdade de xénero, combinada cunha falta de sensibilidade cara ás diferenzas na situación e as necesidades económicas e sociais das mulleres, fai que elas adoiten sufrir de maneira desproporcionada a degradación ambiental. O VII Plan prevé, dentro das súas medidas, o fomento da introducción sistemática da perspectiva de xénero na definición, aplicación e supervisión de programas ambientais de ámbito autonómico e local.

En consecuencia, a perspectiva de xénero debe de integrarse con carácter transversal en todas as políticas medioambientais da Xunta de Galicia, incluída a política en materia de residuos.

III Para integrar a perspectiva de xénero no ámbito da xestión de residuos é preciso, en primeiro lugar, ter en conta o papel das mulleres galegas en relación a esta problemática dende unha dobre perspectiva: como suxeito pasivo destinatario do conxunto de medidas previstas na norma, analizando como as consecuencias de ditas medidas lle afectan de xeito específico ás mulleres, e tamén como suxeito activo, analizando o potencial das mulleres para contribuír á reducción e a unha mellor xestión dos residuos.

a) Dende a primeira perspectiva, hai que analizar cómo lle afectan as medidas previstas na norma de xeito específico aos homes e ás mulleres. Por exemplo, en canto aos hábitos de consumo ou nos efectos para a saúde.

Os hábitos de consumo nos fogares teñen unha repercusión directa no impacto sobre o medio ambiente (consumo de recursos, xeración de residuos, emisións contaminantes, etc.). A maneira en que se consume e a cantidade de recursos e/ou residuos xerados están condicionadas pola cantidade de tempo que os diferentes membros da familia pasan nas súas vivendas e lugares de traballo, o tipo de tarefas que cada un desenvolve e pola actitude fronte a uns hábitos máis sustentables.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

Cómpre destacar o importante papel das mulleres na aplicación de medidas de mitigación contra a xeración de residuos na vida diaria mediante, por exemplo, prácticas de aforro, medidas de reciclaxe e uso de produtos respectuosos co medio ambiente e ecolóxicos, xa que as mulleres seguen estando consideradas como as principais xestoras deses recursos no fogar. Este aspecto debe ser tido en conta, por exemplo, á hora de deseñar as campañas de información e sensibilización previstas no texto do anteproxecto, centrándose nas decisións cotiás de consumo relacionadas co fogar e as actividades de coidado das e os fillos, aínda que sen reproducir roles e estereotipos de xénero, como se verá posteriormente.

Polo que respecta á saúde, os efectos prexudiciais que o medio ambiente pode producir na saúde non afectan por igual segundo o sexo das persoas, de xeito que aínda son moitas as consecuencias negativas que para a saúde das mulleres teñen substancias e produtos de orixe química presentes no ambiente ou na contorna laboral. Riscos que se derivan da súa maior presenza no ámbito do traballo doméstico e reprodutivo, e en determinadas actividades ou ocupacións (sanidade, estética, traballos de limpeza, etc.) onde entran en contacto con múltiples produtos químicos.

O anteproxecto de lei fai referencia en distintas partes do seu articulado á protección da saúde. Así, no artigo 10.1 indica que un dos principios da política de residuos é protección da saúde humana e do medio: "*A xestión dos residuos levarase a cabo sen poñer en perigo a saúde das persoas* e sen crear riscos para a auga, o aire, o solo, a fauna ou a flora, eliminando molestias por ruídos e cheiros, respectando as paisaxes e o patrimonio natural".

Tamén no artigo 11.2 da norma, relativo á xerarquía dos residuos, segundo o cal se para conseguir o mellor resultado ambiental global en determinados fluxos de residuos fose necesario apartarse da devandita xerarquía, poderase adoptar unha orde distinta de prioridades, atendendo entre outros factores "*ao conxunto de impactos ambientais sobre a saúde humana, económicos e sociais*".

Os efectos prexudiciais que o medio ambiente pode producir na saúde das persoas non afectan por igual segundo o sexo. Así, segundo o nivel de exposición a determinados produtos ou substancias presentes e transmitidas a través do ambiente, ou segundo o grao de contacto con elas polo tipo de posto de traballo desempeñado, as afeccións que homes e mulleres poden padecer afectan de maneira desigual, atendendo a diferenzas puramente físicas, biolóxicas, xenéticas ou hormonais entre ambos.

O anterior debe ser tido en conta, por exemplo, en relación á valoración de riscos prevista no artigo 57: "A valoración de riscos é o proceso de identificación, medida e comparación de diversos

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

parámetros, mediante o cal se estudan, analizan e caracterizan os riscos que poden supoñer para a saúde das persoas e o medio, a presenza de determinadas substancias nos medios afectados. O seu alcance e contido é o establecido no anexo IV do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro".

Desde o punto de vista biolóxico, as consecuencias que moitas partículas nocivas presentes no medio ambiente teñen para a saúde resultan máis prexudiciais para as mulleres debido á súa propia fisioloxía. Por exemplo, a carencia de ferro no sangue que poden sufrir algunhas mulleres na idade reprodutiva pode facer a estas máis vulnerables a minerais e produtos químicos ambientais. Ademais, as mulleres embarazadas ou en período de lactación ou as mulleres maiores de 65 anos, debido á maior debilidade que sofre o seu sistema nervioso, son extremadamente máis sensibles para os efectos destas substancias pola súa maior vulnerabilidade ás mesmas.

En consecuencia, para poder ter en conta todas estas circunstancias e previr e corrixir os desiquilibrios sinalados, será preciso incorporar a perspectiva de xénero tanto na elaboración e aprobación dos plans e estratexias que desenvolvan o presente proxecto normativo coma na elaboración de estatísticas relacionadas con este ámbito, tal e como se indicará posteriormente neste informe.

b) Dende a segunda perspectiva, é necesario incorporar á muller como suxeito activo na xestión dos residuos.

Na exposición de motivos sinálase que a finalidade da norma é promover na Xunta de Galicia a transición cara unha verdadeira economía circular, "comportando non só beneficios ambientais asociados á correcta xestión dos residuos, á protección do solo, das augas, do aire, ou do clima, senón que proporcionará igualmente beneficios económicos e sociais asociados", sinalando así mesmo que "esta necesaria transición brinde a oportunidade de transformar a nosa economía, xerando novas vantaxes competitivas e sustentables...".

De acordo coa exposición de motivos, a transición cara unha economía circular pode contribuír a transformar a economía galega, proporcionando beneficios económicos e sociais asociados. Neste eido cómpre sinalar que actualmente o emprego da chamada "economía verde" segue estando copado por homes na maior parte das actividades vinculadas a este sector, salvo naquelas máis relacionadas coa investigación e a xestión. Non obstante, o potencial de xeración de emprego para este sector no futuro próximo ofrece a posibilidade de contar con novos nichos de mercado de traballo, o que podería supoñer unha boa oportunidade para a maior incorporación das mulleres a

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

distintos sectores que hoxe contan cunha escasa presenza feminina, conseguindo así unha maior participación na dinamización deste sector da economía.

A menor presenza das mulleres nos empregos relacionados coa xestión e o tratamento de residuos radica, por unha parte, en que esta clase de empregos están ocupados a tempo completo, resultando moitos deles dificilmente compatibles coa vida persoal e familiar de moitas mulleres, atendendo ás súas esixencias e condicións laborais. A maior responsabilidade das mulleres nas tarefas do fogar e de coidados familiares pode chegar a ser un obstáculo á hora de acceder a determinados postos de traballo nestes sectores nas mesmas condicións que os homes.

Outra causa tamén radica no menor nivel de participación das mulleres en estudos de formación profesional en materias relacionadas co medio ambiente, o cal evidencia o limitado acceso das mulleres a ocupar postos de traballo onde a demanda de persoas con este perfil de formación é un requisito imprescindible.

Deste xeito, para facilitar a incorporación da muller aos novos postos de traballo que se creen no sector do tratamento e xestión de residuos será preciso introducir medidas específicas de conciliación corresponsable para este sector, así como levar a cabo accións de fomento da incorporación de mulleres a estudos relacionados co tratamento e a xestión de residuos, especialmente no ámbito da formación profesional.

Apostar por novos sectores económicos relacionados co medio ambiente debe implicar o fomento da igualdade de xénero co fin de promover un maior acceso das mulleres e eses novos sectore e, en consecuencia, axudar ao seu empoderamento. Para contribuír á igualdade de xénero nos empregos relacionados coa economía verde, debería garantirse que estes novos traballos se distribúan de maneira equitativa entre mulleres e homes, e que as mulleres teñan maior acceso a aqueles sectores da economía onde tiveran menos acceso ata o de agora.

No caso de que non se teña en conta a perspectiva de xénero neste eido, os traballos que se cren probablemente serán ocupados por homes, dado que son traballos que seguramente se van a crear en sectores onde tradicionalmente os homes foron a forza laboral dominante. En consecuencia, é necesario adoptar unha perspectiva sensible aos problemas por cuestión de xénero que permita satisfacer os obxectivos xerais de desenvolvemento sustentable e igualdade social.

Aplicando as anteriores consideracións ao texto obxecto de informe, resultan as seguintes cuestións:

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

1 Incorporación da perspectiva de xénero nos instrumentos de desenvolvemento do presente proxecto normativo

Tal e como se indicou ao comezo deste informe, este tipo de norma, de carácter eminentemente técnico, implica que a perspectiva de xénero non teña unha manifestación explícita na meirande parte do texto. Será nos instrumentos de planeamento que a desenvolvan onde poderá integrarse de xeito específico a perperstiva de xénero, para garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito da xestión dos residuos.

Neste sentido, o VII Plan estratéxico de oportunidades entre mulleres e homes dedica o seu capítulo I á integración do principio de igualdade nas políticas e accións de Goberno, e sinala que:

> "Tal e como establece o artigo 5 do Capítulo I do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, "coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia".
>
> Con esta definición de transversalidade, a Xunta de Galicia establece de xeito ineludible que a dimensión da igualdade de oportunidades debe integrarse na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións da súa competencia. Así, é no conxunto da planificación da Administración autonómica a primeira dimensión na que cómpre afianzar o principio de igualdade entre mulleres e homes durante os vindeiros anos.
>
> A utilización de instrumentos de planificación de carácter xeral e sectorial ten experimentado un considerable impulso nos últimos anos no marco da Administración autonómica e do seu sector público, permitindo a mellora da eficacia da xestión. No entanto, a consideración da perspectiva de xénero na elaboración e execución destes instrumentos pode intensificarse nas súas distintas fases, tendo en conta que a óptica de xénero debe incorporarse a todas as etapas do proceso planificador, desde o seu

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

deseño, ata a súa execución e avaliación, incluíndo a medición do seu impacto na situación de mulleres e homes.

Para iso, nos próximos anos consolidarase a incorporación do enfoque de xénero e do principio de igualdade entre mulleres e homes nos distintos instrumentos de planificación da Administración Xeral e sector público autonómico, tanto de carácter xeral como sectorial, con especial incidencia naqueles ámbitos nos que sexan máis evidentes ás brechas de xénero. O seguimento e avaliación dos resultados de dita incorporación debe ser outra práctica sistemática que cómpre reforzar en todos os procesos e ámbitos de planificación".

O título I do anteproxecto de lei que se somete a informe leva por rúbrica "Política de Residuos. Instrumentos", e establece a regulación dos Plans de Xestión e dos Programas de Prevención de Residuos a nivel autonómico e dos Programas locais de prevención e xestión de residuos.

Pola súa banda, na exposición de motivos fálase dunha "estratexia de economía circular", cando se di que "co obxectivo fundamental de facilitar e promover a transición na Xunta de Galicia cara a unha verdadeira economía circular, segundo as premisas impostas no ámbito comunitario, este departamento autonómico fixouse o obxectivo de dotar a Galicia da súa propia estratexia de economía circular".

Así pois, na elaboración e aprobación destes instrumentos de planificación (estratexia de economía circular, plans de xestión de residuos e programas de prevención de residuos a nivel autonómico, e programas locais de prevención e xestión de residuos), será preciso contar coa participación do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, para garantir deste xeito a efectiva integración do principio de igualdade por razón de xénero na política da Xunta de Galicia en materia de residuos.

2 Participación en materia de residuos

No texto do anteproxecto de lei sinálase como un dos principios da política de residuos o de "Acceso á información pública e participación en materia de residuos", previsto no artigo 13:

"1. As Administracións públicas galegas garantirán os dereitos de acceso á información e de participación en materia de residuos nos termos previstos na lexislación sobre dereitos de acceso á información, participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

> 2. As Administracións públicas, as persoas interesadas, e o público en xeral terán a oportunidade de participar na elaboración dos Plans e Programas de prevención e xestión de residuos de conformidade co establecido na presente Lei, así como na avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no medio, de conformidade co establecido na normativa sobre avaliación ambiental".

Ademais, o artigo 21 regula de xeito específico a "Participación nas políticas de prevención e xestión de residuos":

> "A consellería con competencias en residuos impulsará a participación entre a Administración ambiental da Xunta de Galicia, as entidades locais, os axentes sociais e as asociacións empresariais do sector, e as de economía social, a efectos de promover a coordinación das políticas de prevención e xestión de residuos en todos os ámbitos de competencias, e, en particular, na elaboración da planificación en materia de residuos".

Para garantir a eficacia do principio de participación efectiva, así como a integración transversal do principio de igualdade por razón de xénero na política de residuos, será preciso contar coa participación específica das mulleres. A xestión ambiental desde unha perspectiva de xénero conleva unha nova responsabilidade social e así como a participación das mulleres nos asuntos relacionados co medio ambiente, de xeito que lles permitan ter unha maior presenza na toma de decisións no referente aos modos de explotación, apropiación e xestión de recursos, consumo, comercialización, e xestión de residuos.

Neste senso, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade prevé o obxectivo específico 4.2: "Impulsar a presenza equilibrada de mulleres e homes nas esferas de decisión e influencia do ámbito económico, político, social, cultural e profesional". Dentro deste obxectivo sinala como unha das medidas de actuación: "o impulso da presenza de mulleres nos órganos de decisión das diferentes entidades, organismos e estruturas de participación cidadá que configuran a sociedade civil".

Trátase, en definitiva, de contar nos distintos procesos de participación previstos no anteproxecto de lei con asociacións de mulleres ou outros colectivos representativos dos intereses das mulleres e, no seu caso, con persoal técnico experto en temas de xénero. Así mesmo, será necesario que nos procesos participativos se extraigan sempre datos e conclusións desagregados por sexo.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

3 Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes

O artigo 13 do Decreto lexislativo 2/2015 sinala que a Xunta de Galicia, non só a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, senón tamén a través daqueles en que participe ou aos cales subvencione, garantirá a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes e, en concreto, a utilización non sexista da linguaxe e das imaxes, especialmente no ámbito da publicidade.

Tamén o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes incide na necesidade de transmitir imaxes igualitarias, non estereotipadas e que amosen a diversidade de mulleres e de homes e que non reproduzan estereotipos e roles sexistas.

O anteproxecto de lei prevé ao longo do seu articulado a realización de distintas campañas informativas, formativas, divulgativas e de concienciación dirixidas ao conxunto da cidadanía. A integración transversal do principio de igualdade de xénero esixe que a información que se facilite esté libre de mensaxes e de imaxes que reproduzan estereotipos e roles de xénero. Así mesmo, deberá procurarse a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.

En consecuencia, procuraráse que todos os elementos de información, divulgación, recursos didácticos, etc, respecten a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes, evitando asignarlle determinadas funcións ou traballos domésticos ás mulleres, vinculando aos homes con traballos no sector industrial ou agrícola e ás mulleres con tarefas asistenciais ou de coidado, etc, e empregarase unha linguaxe inclusiva, evitando utilizar de xeito exclusivo o masculino ou fórmulas que invisibilicen á muller ou que a sitúen nun plano secundario.

A continuación identifícanse aqueles preceptos do anteproxecto de lei en cuxo desenvolvemento e aplicación práctica será preciso velar por este aspecto:

- No artigo 15 "Información e concienciación cidadá", que prevé a realización de campañas de información e concienciación cidadá directamente pola consellería competente en materia de residuos, ou por outras entidades, públicas ou privadas, mediante a celebración de convenios de colaboración.

- No artigo 16 "Planificación", que no seu apartado 3.m) prevé como un dos contidos dos plans de xestión e de prevención de residuos: campañas de sensibilización e información.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

- No artigo 23 "Da Sociedade Galega de Medio Ambiente", que lle atribúe a esta empresa pública autonómica, SOGAMA, a realización de accións para a mellora da xestión e prevención de residuos, incluídas as actuacións de formación e sensibilización.

- No artigo 36 "Réxime xurídico dos puntos limpos", que no seu apartado 3 lle encomenda ás entidades locais, en colaboración coa administración autonómica, fomentar a utilización dos puntos limpos por parte da cidadanía mediante programas de concienciación, campañas divulgativas e outras iniciativas de natureza similar.

- No artigo 70 "Promoción", que como parte das actuacións de fomento prevé que a consellería competente en materia de residuos realizará, con carácter anual, as seguintes accións de promoción e difusión:

"a) Desenvolver, con carácter periódico, campañas de formación e concienciación cidadá dirixidas a fomentar o cumprimento dos obxectivos da presente Lei.

b) Potenciar a celebración de acordos cos sectores produtivos, representantes empresariais e sindicais e do asociacionismo ambiental, das asociacións de persoas consumidoras e doutras organizacións de participación cidadá.

c) Promover Convenios con entidades públicas ou privadas, para a implantación de medidas tendentes á educación, investigación, información e asesoramento, orientadas especialmente a pemes, para introducir nas empresas as tecnoloxías menos contaminantes e de prevención en materia de residuos.

d) Favorecer, a través de acordos coa consellería competente en materia de educación, a integración de contidos en materia de residuos nos ciclos formativos, a fin de mellorar a conciencia ambiental nos/nas estudantes e na cidadanía en xeral".

Respecto deste último parágrafo, que incide no ámbito educativo, cómpre recordar o sinalado ao comezo deste informe respecto da necesidade de animar ás mulleres para elixir formacións e carreiras técnicas e científicas dentro do ámbito da enxeñería ambiental e a tecnoloxía enerxética, xa que a demanda de coñecementos especializados que ten este sector pode garantir ás mulleres futuros postos de traballo, o cal posibilitará tamén unha maior sensibilización en canto ás necesidades das mulleres á hora de definir as políticas climáticas.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

Tamén o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade pon de manifesto a persistencia de patróns culturais que reproducen roles e estereotipos de xénero, que seguen a indicir nas eleccións persoais e vocacionais, e sinala que é necesario traballar en prol dun modelo educativo que facilite e promova eleccións vitais, formativas e profesionais libres de condicionantes de xénero. Neste senso, o plan prevé como obxectivo específico 1.3 "Impulsar unha orientación académica e profesional libre de estereotipos", e dentro del cómpre destacar as seguintes medidas directamente aplicables no ámbito da promoción regulada no artigo 70 do anteproxecto de lei:

2.1.3.2: Estímulo das vocacións científico-tecnolóxicas entre o alumnado feminino.

2.1.3.5: Promoción da imaxe das mulleres en distintos ámbitos de realización persoal e profesional para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.

3 PRESENZA EQUILIBRADA DE MULLERES E HOMES NAS ESTRUTURAS ORGÁNICAS PARA A TOMA DE DECISIÓNS

O artigo 5.2 d) do Decreto lexislativo 2/2015, que establece como criterio de aplicación do principio de transversalidade "O fomento dunha participación equilibrada das mulleres e homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres".

No mesmo sentido, o artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e que consonte á disposición derradeira primeira constitúe regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de todas as persoas no exercicio dos dereitos constitucionais, establece que "...os poderes públicos procurarán atender o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade que lles correspondan".

Tamén a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sinala na súa disposición adicional primeira que "A Xunta, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades integrantes do sector público autonómico garantirán e promoverán, nos seus ámbitos de actuación, a aplicación do principio de igualdade en todas as súas manifestacións e, moi especialmente, no que afecta á igualdade por razón de sexo, e integrarán activamente, na súa organización e actividades, a

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a todos os niveis".

Ademais, é un obxectivo do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fomentar a participación das mulleres en condicións de igualdade en todas as esferas da sociedade e incrementar a súa presenza nos ámbitos de decisión e influencia das estruturas sociais, políticas, económicas e profesionais, ao tempo que se potencia o seu liderado.

Os artigos 46.4 e 47 i) e j) do anteproxecto de lei fan referencia á existencia dun órgano colexiado, a denominada "Comisión de coordinación de residuos", sen que se proceda a regular no texto do anteproxecto a súa composición. No obstante, cómpre recordar que para dar cumprimento aos mandatos lexislativos anteriormente citados deberá respectarse na composición da "Comisión de coordinación de residuos" o principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Desta forma, garantirase que as mulleres participen activamente na toma de decisións que afectan ás políticas en materia de residuos, aportando a súa visión a esta problemática.

4 INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA E INCORPORACIÓN DE INDICADORES POR RAZÓN DE XÉNERO

A ausencia de datos desagregados en función do sexo nas distintas estatísticas, estudos e/ou investigacións relacionadas co medio ambiente e a saúde fan máis difícil a análise das consecuencias que os efectos do medio ambiente ten sobre a saúde das mulleres respecto á dos homes. Polo tanto, a integración da perspectiva por razón de xénero pasa tamén no ámbito da política de residuos, tal e como se indicou xa, por coñecer cómo lle afectan os efectos desta política de xeito específico ás mulleres e aos homes, para poder así deseñar as medidas adecuadas para paliar e solventar estes efectos.

En relación ao anterior hai que ter en conta que o artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015 regula expresamente a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística do sector público galego sinalando que: "A totalidade das estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia desagregará os datos en atención ao sexo e en atención ás circunstancias vinculadas ao xénero, como a asunción de cargas

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

parentais e familiares. Da totalidade destas estatísticas e investigacións enviaráselle copia ao órgano competente en materia de igualdade".

Así mesmo, os obxectivos informativos do artigo 6 do Plan Galego de Estatística 2017-2021, aprobado pola Lei 15/2016, do 28 de xullo, comprenden as metas de información e a obriga de considerar a perspectiva de xénero, establecendo que "todas as operacións e actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que recaden datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo".

No texto do anteproxecto de lei incorpóranse varios artigos relativos á recompilación de datos e estatísticas, as cales, para medir a súa eficacia, deberán ir acompañadas do establecemento dos seus indicadores de seguimento, entre os que será preciso integrar indicadores por razón de xénero:

- No artigo 5, en relación aos xestores autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia, proponse que se recollan os datos separados por sexo, tanto se se trata de persoas físicas, como se se trata das persoas físicas que representan a unha persoa xurídica ou organización.

- No artigo 6, respecto das persoas titulares das instalacións que produzan subprodutos dentro e fóra da comunidade. Tamén se propón que se recollan os datos separados por sexo, tanto se se trata de persoas físicas, como se se trata das persoas físicas que representan a unha persoa xurídica ou organización.

- No artigo 7, igualmente para os produtores de residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias. Tamén se propón que se recollan os datos separados por sexo, tanto se se trata de persoas físicas, como se se trata das persoas físicas que representan a unha persoa xurídica ou organización.

- Nos artigos 27, 28, 30, 32, 42, 45, 46, 53 en relación ás actividades sometidas a autorización ou comunicación, traslados de residuos, etc. Proponse que se recollan os datos separados por sexo, tanto se se trata de persoas físicas, como se se trata das persoas físicas que representan a unha persoa xurídica ou organización.

- No artigo 40, os programas de implantación de compostaxe comunitario xa recollen o número de persoas participantes, polo que se recorda a necesidade de trasladar os datos separados por sexo,

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

tanto se se trata de persoas físicas, como se se trata das persoas físicas que representan a unha persoa xurídica ou organización.

- No artigo 75, ao regular as persoas responsables, prevé que os residuos terán sempre unha persoa responsable do cumprimento das obrigas que derivan da súa produción e xestión, cuxos datos se recomenda recompilar desagregados por sexo tanto se se trata de persoas físicas, como se se trata das persoas físicas que representan a unha persoa xurídica ou organización.

En consecuencia, atendendo á normativa sinalada, proponse que todos os datos dos que se teña coñecemento en virtude de calquera dos rexistros e sistemas de recollida de datos que se prevén no texto do anteproxecto, se recollan e difundan desagregados por sexo, é dicir, diferenciando entre homes e mulleres, e incorporando indicadores por razón de xénero, coa finalidade de mellorar a avaliación da situación xeral de mullleres e homes no que respecta ás distintas facetas da xestión dos residuos: distribución vertical e horizontal dos postos de traballo neste sector, participación activiva na reciclaxe, nivel de concienciación, participación en campañas, etc.

5 UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

Os artigos 11 e 12 do Decreto lexislativo 2/2015 e máis a alínea 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determinan a utilización institucional dunha linguaxe non sexista.

No texto obsérvase o citado principio e, con carácter xeral, é respectuoso co emprego dunha linguaxe normativa non sexista, polo que só procede efectuar os seguintes comentarios puntuais ao respecto.

Nalgúns casos emprégase o masculino con carácter exclusivo. Suxírese nestes casos empregar outras formas máis propias dunha linguaxe inclusiva:

- Nos artigos 35.1 e 36 emprégase a expresión "polos seus cidadáns" e "dos cidadáns", proponse substituír "cidadáns" por "cidadanía".

- No artigo 79. k) fálase da seguridade dos "consumidores", o que pode ser substituído por "persoas consumidoras".

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

galicia

- No artigo 87.1 fálase do "infractor", cando no resto do texto fálase de "persoa infractora". Proponse empregar tamén no artigo 87.1 "persoa infractora".

Por último, no artigo 70. d) emprégase a expresión "conciencia ambiental nos/nas estudantes", na que se usan as barras. Coa finalidade de evitar o uso das barras e para facilitar a lectura do texto, proponse substituir "nos/nas estudantes" por "estudantado" ou "alumnado".

De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que o proxecto normativo analizado, cuns obxectivos específicos e de carácter eminentemente técnico, implica que a perspectiva de xénero non teña unha manifestación explícita na meirande parte do texto, nin que exista colisión coa normativa vixente en materia de igualdade, sen prexuízo da necesidade de observar as indicacións deste informe coa finalidade de garantir unha efectiva integración da igualdade entre mulleres e homes no ámbito da política de residuos.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella